

# ENTROIDO 2016



## BASES DO DESFILE-CONCURSO

**1º.-** A participación no desfile-concurso do Entroido 2016 supón a aceptación das presentes bases reguladoras. A participación está aberta a tódalas asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.

**2º.-** O desfile do Entroido 2016 terá lugar o martes 9 de febreiro de 2016. Comezará ás 17:30 horas, debendo presentarse os concursantes entre as 15:30 e 16:30 horas na Estación do Ferrocarril.

O itinerario do desfile, será o seguinte: **SAÍDA: ESTACIÓN DO FERROCARRIL pasando polas rúas Romero Donallo, Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvado, Praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra, para rematar na Avda. de Xoán Carlos I.** Unha vez rematado o desfile as carrozas aparcarán na Avenida de Coruña e as comparsas participantes irán ao Paseo Central da Alameda.

**3º.-** A inscrición para o desfile-concurso formalizarase no Servizo de Festas sito na Rúa Nova, 21, ata as **14:00 horas** do día **8 de febreiro** ( Rúa Nova, 21. Teléfono 981 54 23 47. Fax: 981 54 23 48 Teatro Principal. tprincipal@santiagodecompostela.org). Ó abeiro do disposto no artigo 11.3 da Lei Xeral de Subvencións no caso de inscricións relativas a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade no momento da inscrición deberase facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro así coma o importe da subvención a aplicar a cada unha das persoas participantes.

Asimismo, e segundo o disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións incluírase na folla de inscrición unha declaración de que as persoas participantes están ó corrente das obrigas coa Axencia Tributaria e Seguridade Social así coma que non están incurso en ningún dos supostos que aparecen no citado artigo de incompatibilidade para recibir subvencións.

**4º.-** A organización velará en todo momento polo correcto funcionamento do desfile, podendo impedir a participación por motivos de seguridade.

**5º.-** O Xurado comporase das seguintes persoas:

**Presidente:** O Alcalde ou Concelleiro/a no que delegue.

**Secretario/a** do mesmo un funcionario/a do Concello.

**Vocais:** un/unha representante de cada grupo político con representación no Concello; dúas persoas da cidade pertencentes ó mundo da cultura ou á creación artística, un/unha representante da USC e dous representantes das asociacións de veciños. Estes vogais serán invitados polo concello para formar parte do Xurado.

A decisión do Xurado será inapelable e darase conta á Xunta de Goberno Local.

**6º.-** As comparsas, carrozas, parellas e disfraces individuais, levarán un número de identificación no desfile que se lles facilitará no momento da inscrición e que deberá ser presentado no caso de seren premiados para poder cobrar os premios así como o D.N.I. da persoa que se inscribiu en primeiro lugar. Os premios entregaranse na Alameda despois da deliberación do xurado.

De non ser retirados ese día, os gañadores terán ata o día 15 de marzo para poder recollelos no Teatro Principal. No caso de non seren retirados nesta data, a organización entende que se renuncia ao mesmo.

# ENTROIDO 2016



## 7º.- Sobre as Carrozas.

Enténdese por carroza calquera elemento móbil, a motor ou non. As carrozas non deberán en ningún caso exceder as seguintes medidas: 2,50 metros de ancho por 4,20 de alto e nunca máis de 9 metros de longo. Todas as carrozas que se presenten ao desfile deberán presentar unha descrición detallada segundo a ficha de inscrición así como unha copia da póliza de seguro contratada ao efecto.

Todas as carrozas de tracción mecánica deberán ter os permisos de circulación en regra, así como ser conducidas por persoal debidamente cualificado cos carnés pertinentes. En ningún caso a organización é responsable dos elementos inseguros ou do mal uso dos vehículos tractores. A carroza ten que ir acompañada de un mínimo de 15 persoas.

## 8º.- Sobre as Comparsas.

Entendese por comparsa aquela agrupación que baixo un tema común estea composta por un mínimo de 15 persoas.

## 9º.- Sobre os Grupos.

Enténdese por grupo aquela agrupación que baixo un tema común sexa maior de 6 persoas e menor de 15.

## 10º.- AS CATEGORÍAS E PREMIOS DESTA EDICIÓN 2016 SERÁN:

<b><u>PREMIOS CARROZAS</u></b>	
1º PREMIO	3.000 €
2º PREMIO	2.000 €
3º PREMIO	1.000 €
<b><u>PREMIOS COMPARSAS</u></b>	
1º PREMIO	2.400 €
2º PREMIO	2.000 €
3º PREMIO	1.000 €
<b><u>PREMIOS AOS GRUPOS</u></b>	
1º PREMIO	800 €
2º PREMIO	400 €
3º PREMIO	200 €
<b><u>PREMIOS Á MELLOR PARELLA</u></b>	
1º PREMIO	400 €
<b><u>PREMIOS AO MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL</u></b>	
1º PREMIO	300 €
2º PREMIO	200 €
3º PREMIO	100 €
<b><u>PREMIOS ESPECIAIS Á MELLOR COMPARSA PROCEDENTE DAS PARROQUIAS E BARRIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</u></b> (premios incompatibles cos anteriores)	
1º PREMIO	1.200 €
2º PREMIO	600 €
3º PREMIO	400 €

*(Os concursantes só poderán levar un premio na categoría na que participan)*